

HANS FALLADA

# E agora que, homiño?

*Tradución de Patricia Buxán Outeiro*



Esta obra recibiu unha axuda da Secretaría Xeral de Cultura da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia na convocatoria de axudas para a tradución do ano 2019.



Irmás Cartoné, 2020

Título orixinal: *Kleiner Mann – was nun?*

Tradución: Patricia Buxán Outeiro

Deseño e maquetación: Irmás Cartoné

ISBN: 978-84-948421-9-1

Depósito legal: C 1103-2020



Este texto divúlgase baixo unha licenza Creative Commons que permite a copia e distribución da obra sempre e cando non se faga con fins comerciais e se recoñeza debidamente a autoría da mesma mediante a mención expresado autor, a tradutora e a editora. Esta licenza autoriza tamén a produción de obra derivada, coa condición de que a obra resultante sexa distribuída baixo o mesmo tipo de licenza que a orixinal.





## NOTA DA TRADUTORA SOBRE O TEXTO

Esta tradución fíxose a partir do texto da primeira edición de *Kleiner Mann – was nun?*, publicado en 1932 pola editora berlinesa Rowohlt Verlag.

O manuscrito que Hans Fallada entregou á editora, e que elaborara entre o 19 de outubro de 1931 e o 19 de febreiro de 1932, excedía a primeira edición impresa en aproximadamente un cuarto. A intervención da editora, autorizada polo autor, traducíuse nun texto máis atemporal e menos localista do que el concibira, o que, sen dúbida, favoreceu o éxito internacional que a obra tivo no seu momento. Entre outros aspectos, elimináronse datas, topónimos e pasaxes que describen a vida nocturna berlinesa, e reducíronse moitas das detalladas referencias que Fallada incluía sobre o contexto político e a ideoloxía dos personaxes. O orixinal, conservado no arquivo do Literaturzentrum Neubrandenburg, foi recuperado en 2016 pola editora Aufbau Verlag grazas ao traballo de reconstrución do equipo dirixido por Carsten Gansel.

No proceso de tradución, cotexei ambas as dúas edicións, o que me permitiu dilucidar algúns erros desa primeira edición, en especial, variacións no uso do presente e do pasado na narración, así como aclarar o significado dalgúns fragmentos que resultaban confusos.

Unicamente nun caso decidín ampliar e incluír texto do manuscrito. Trátase da reflexión de Pinneberg sobre os comunistas e os nazis no capítulo titulado «Pinneberg atraveso o parque, ten medo e non se alegra» da segunda parte. Coido que os dous parágrafos incorporados axudan a comprender mellor o conflito sociopolítico que se menciona reiteradamente na novela.

*Patricia Buxán Outeiro*

Setembro de 2020



## ÍNDICE

<i>Preludio. Os despreocupados</i>	13
<i>Primeira parte. A vila</i>	49
<i>Segunda parte. Berlín</i>	155
<i>Epílogo. A vida segue</i>	435





PRELUDIO  
Os DESPREOCUPADOS



PINNEBERG COÑECE ALGO NOVO DE LÄMMCHEN E TOMA  
UNHA GRAN DECISIÓN

Son as catro e cinco. Pinneberg acaba de comprobalo. Velaí está, un mozo louro e de bo ver, diante do número 24 da Rothenbaumstrasse, á espera.

Pasan xa cinco minutos das catro e Pinneberg quedara con Lämmchen ás catro menos cuarto. Pinneberg volve gardar o reloxo e mira con seriedade para a placa fixada na entrada do número 24 da Rothenbaumstrasse. Le:

DOUTOR SESAM

Xinecólogo

Horario de atención

9.00 a 14.00 e 16.00 a 18.00

«Ala! E outros cinco minutos máis que pasan das catro. Seguro que se prendo outro cigarro, vai e aparece Lämmchen xusto pola esquina. Mellor déixao estar. Por hoxe, imos ir servidos de gastos.»

Aparta a ollada da placa. A Rothenbaumstrasse só ten unha fileira de casas; máis aló da calzada, máis aló da franxa de céspede, máis aló do peirao, flúe o Strela, a esta altura xa bastante ancho, pouco antes de desembocar no mar Báltico. Sopra unha brisa fresca, os arbustos cabecean coas súas pólas, as árbores murmuran suavemente.

«Así é como había que vivir», pensa Pinneberg. «Este doutor Sesam ten sete cuartos como mínimo. Ha gañar unha chea. Canto pagará de alugueiro? Douscentos marcos? Trescentos? De que falo, se non teño nin idea?... Xa pasan dez minutos das catro!»

Pinneberg mete a man no peto, saca un cigarro do estoxo e préndeo.

Lämmchen aparece arfando pola esquina, cunha saia branca plisada, unha blusa de seda crúa, sen chapeu, cos cabelos louros ondeando.

—Ola, rapaciño. Xúroche que non dei chegado antes. Enfadado?

—Non, ho, o que pasa é que agora se nos ha facer aquí de noite. Desde que estou esperando, deberon de entrar como mínimo trinta persoas.

—Veña, non creo que todos vaian á consulta. Ademais, nós temos cita.

—Ei, ves que ben fixen en pedir cita?

—Claro que fixeches ben. Ti sempre tes razón, raparigo. —E xa nas escaleiras, cóllete a cabeza entre as mans e bícao con forza—. Ai, deus, que feliz estou de terte aquí outra vez, rapaz. É que, pensa... xa van alá case catorce días!

—Si, Lämmchen —respóndelle el—. Xa me pasou o enfado.

A porta ábrese e na semipenumbra do corredor aparece fronte a eles unha silueta branca que lles ladra:

—Tarxetas sanitarias!

*E agora que, homiño?*

—E non será mellor que primeiro nos faga pasar? —di Pinneberg empurrando a Lämmchen para que entre diante—. E, por certo, vimos por privado. Teño cita. A nome de Pinneberg.

Ao escoitar «privado», a silueta ergue a man para prender a luz do corredor:

—O doutor vén axiña. Prégolles que agarden un intre. Pasen para alí, por favor.

Van cara á porta que lles sinala e pasan a carón doutra que está medio aberta. É a sala de espera habitual e diríase que nela están sentadas as trinta persoas que Pinneberg viu pasar antes por diante del. Todos miran para eles e comeza a formarse unha alqueirada:

—E para que demo pagamos nós a nosa seguridade social?

—Parecerán moi señoritos, pero mellores ca nós non son.

A enfermeira aparécelles á porta:

—Non me monten este barullo! Molestan o doutor. E non é o que pensan. É o xenro do señor doutor xunto coa súa muller. Non é?

Pinneberg sorrí, afagado; Lämmchen segue directa cara á outra porta. Durante un intre hai silencio.

—Veña, bulan —bísballes a enfermeira empurrando a Pinneberg cara adiante—. Os pacientes que veñen pola seguridade social son demasiado ordinarios. Polos tres patacos que nos paga a seguridade social, non sei que espera a xente...

A porta péchase; o rapaz e Lämmchen encóntranse rodeados de veludo encarnado.

—Este é, seguro, o seu salón privado —di Pinneberg—. Que che parece? A min paréceme tremendamente anticuado.

—A min daríame non sei que —di Lämmchen—. Normalmente, nós tamén imos pola seguridade social. Aquí vese como falan de nós por detrás cando imos á consulta.

—De que te atufas? —pregunta el—. É así. Fan con nós o que queren...

—Pero ponme mala...

A porta ábrese e aparece outra enfermeira:

—Señor e señora Pinneberg? O doutor prégalles que teñan un pouco de paciencia. Se me permiten, voules collendo entremetres os datos.

—Si, claro —di Pinneberg, e ao momento vén a pregunta:

—Idade?

—Vinte e tres.

—Nome de pía?

—Johannes —agora tateando—: Contable. —E de corrido—: Sempre estiven san. Só as típicas doenzas de neno; polo demais, máis nada... Até onde sei, ambos sans. —E outra vez tateando—: Si, miña nai aínda vive. Meu pai xa non, non. Non sei, non llo podo dicir, non sei de que morreu.

E agora Lämmchen:

—Vinte e dous... Emma. —Agora dubida—. Nome de solteira, Mörschel... Sempre sa. Os pais vívenme os dous. Os dous sans.

—Ben, agarden logo un intre. O doutor ha estar dispoñible en breve.

*E agora que, homiño?*

—Para que toda esta leria? —rosma el cando se volve pechar a porta—. Se só queremos...

—Custouche dicilo: contable.

—Mira quen foi falar, co de Mörschel de solteira. —Ri—. «Emma Pinneberg, coñecida como Lämmchen, Mörschel de solteira. Emma Pinne...»

—Anda, cala! Ai, deus, rapaz, que gana teño de ir ao baño. Non saberás por casualidade onde está?

—Sempre igual contigo! Se habías ir antes...

—Pero si que fun, rapaz. De verdade. Aínda fun no mercado do concello. E unha boa moeda que tiven que pagar. Pero é que cando estou nerviosa...

—A ver, Lämmchen, contrólate un pouco. Se de verdade acabas que ir...

—Rapaz, que che digo que teño...

—Pasen, por favor —di unha voz.

Na porta está o doutor Sesam, o famoso doutor Sesam do que media cidade e un cuarto da provincia rumorean que ten un corazón inmenso, e mesmo hai quen di que ten un gran corazón. Sexa como for, é coñecido por ser o autor dunha obra popular sobre problemas sexuais e por iso Pinneberg se animou a escribirlle e pedirlle cita para el e para Lämmchen. Velaquí na porta o tal doutor Sesam:

—Pasen. —O doutor Sesam busca a carta no seu escritorio—. Señor Pinneberg, envioume vostede unha carta na que di que aínda non se poden permitir ter fillos porque non dispoñen de recursos económicos abondos.

—Así é —di Pinneberg, apoucadiño.

—Vaia quitando a roupa —dille o doutor a Lämmchen, e segue falando—: E pon que lle gustaría saber dun método de protección que sexa totalmente eficaz. Si, un totalmente eficaz... —Ri con escepticismo por detrás dos anteollos dourados.

—Lin no seu libro —di Pinneberg— que os *pensarios* eses...

—Quere dicir os pesarios, si —interrompe o doutor—, mais non valen para calquera muller. E ademais sempre son algo complicados de colocar. Se a súa muller ten maña...

Ergue a vista cara a ela. Lämmchen espiuse, só un pouco, só sacou a blusa e a saia. Con esas pernas delgadas parece altísima.

—Ben, imos logo alá —di o doutor—. Para isto non facía falta quitarmos a blusa, rapaciña.

Lämmchenponse encarnada.

—Agora déixea estar. Veña comigo. Agarde aquí un intre, señor Pinneberg.

Entran os dous no cuarto contiguo. Pinneberg ve como marchan. O gran doutor Sesam non lle chega á «rapariga» nin á altura dos ombreiros. A Pinneberg sempre lle parece impresionante, a mellor rapaza do mundo, a única, de feito. El traballa en Ducherow e ela aquí, en Platz. Vea como moito cada dúas semanas e así sempre sente unha emoción renovada e un apetito que supera o imaxinable.

Oe no cuarto do lado como o médico pregunta de cando en vez algo a media voz, un instrumento bate contra o bordo dunha fonte; coñece este ruído de ir ao dentista, non é un ruído agradable.

Agora sobresáltase. Non lle coñece esa voz a Lämmchen... Ela di moi alto, case berrando, moi claramente: «Non, non,



*E agora que, homiño?*

non!». E unha vez máis: «Non!». E despois moi baixiño, pero el chega a oílo: «Ai, deus!». Pinneberg achégase á porta... Que pasa? Que será? Máis dunha vez ten oído que este tipo de médicos son uns libertinos de coidado... Pero agora o doutor Sesam volve falar, non se lle entende nada, e o instrumento volve bater.

E despois un longo silencio.

É mediados do verán, aproximadamente mediados de xullo, hai un sol fabuloso. Fóra, o ceo é dun azul intenso, un par de pólas chegan á ventá, móvense coa brisa mariña. Hai unha vella cantiga de cando Pinneberg era pequeno, vénlle xusto agora á cabeza:

*Sopra o vento, zoa o vento.*

*Quitalle o gorriño ao meu neno.*

*Sopra o vento, zoa o vento.*

*Non anoxes o meu pequecho.*

Os que están na sala de espera falan. Non lles dá pasado o tempo. «Xa me gustaría a min ter os vosos problemas. Os vosos problemas...»

Volven entrar os dous. Pinneberg mira para Lämmchen con medo. Ela ten os ollos enormes, coma se levase un susto. Está pálida, pero agora sorrille, primeiro con preocupación, mais logo o sorriso échelle toda a cara e é cada vez máis intenso, florece... O médico está nun recanto, lavando as mans. Mira para Pinneberg de esguello. Dille entón con rapidez:

—Demasiado tarde para a prevención, señor Pinneberg. Non hai que facerlle. Ha estar a comezos do segundo mes.

Pinneberg queda sen alento. Coma se lle desen en toda a cara. Responde, precipitado:

—Pero, doutor, iso é imposible! Tivemos moito coidado! É totalmente imposible. Dillo ti, Lämmchen...

—Rapaz! —di ela—. Rapaz...

—Élle o que hai —di o médico—. Descartado calquera erro de diagnóstico. E créame, señor Pinneberg, un neno é unha beizón para calquera matrimonio.

—Doutor —di Pinneberg, e trémelle os beizos—, doutor, só gaño cento oitenta marcos ao mes! Prégollo, señor doutor!

O doutor Sesam ten cara de auténtico cansazo. Ben sabe o que vén agora; se non o oe trinta veces ao día...

—Non —responde—. Non. Nin se lle ocorra pedirmo. Nin o pense. Ambos están sans. E o seu soldo non está nada mal. Nada, pero que nada mal.

—Doutor! —di Pinneberg, febril.

Detrás del está Lämmchen de pé e aloumiñalle a cabeza.

—Deixa estar, rapaz, déixao. Malo será.

—Pero é que é imposible —estoupa Pinneberg e despois cala.

A enfermeira entra:

—Doutor, chámano ao teléfono.

—Han ver como todo sae ben —di o médico—. Cóidense. Hanse acabar alegrando. E cando o neno naza, veñan verme ao dereito e entón si que preparamos a contracepción. E non se confíen no período de lactación. Veña logo... Ánimo, rapaciña!

Dálle a Lämmchen a man.

—Gustaríame xa... —di Pinneberg, e saca a carteira.

*E agora que, homiño?*

—Ah, si —di o doutor, xa na porta, e volve mirar para os dous, como valorándoos—. Ben, quince marcos, enfermeira.

—Quince... —di Pinneberg alongando as sílabas e mira para a porta. O doutor Sesam xa non está. Saca con traballo un billete de vinte marcos, mira co bico torcido como lle preparan a nota e cóllea. Ilumináselle a cara un chisco:

—Devólvenmo na seguridade social, non?

A enfermeira mírao, despois a Lämmchen.

—Proba de embarazo, non é? —Xa nin espera pola resposta—. Pois non. A seguridade social non o reintegra.

—Vamos, Lämmchen! —di.

Baixan as escaleiras lentamente. Lämmchen queda parada nun dos chanzos e cóllete a man entre as súas.

—Non esteas tan triste. Por favor, non! Malo será.

—Si, si —di el, sumido nos seus pensamentos.

Andan un anaco pola Rothenbaumstrasse e despois collen pola Mainzer Strasse. Aquí hai edificios altos e moitas persoas, pasan coches e máis coches, xa está na rúa o xornal do serán. Ninguén mira para eles.

—Que non gaño nada mal, di, e vai e sácame quince marcos dos meus cento oitenta. Será ladrón!

—Hei saír adiante —di Lämmchen—. Hei saír adiante.

—Ai, ti!

Desde a Mainzer Strasse entran nunha rúa máis pequena, Krümperweg. De súpeto, todo é silencio.

Lämmchen di:

—Agora entendo.

—A que te refires? —pregunta el.

—Ah, nada, que pola mañá sempre tiña náuseas. E era unha sensación tan rara...

—Pero seguro que te tiñas que dar conta...

—Sempre pensei que acabaría vindo. Quen vai pensar precisamente niso?

—Ao mellor confundiu-se!

—Non. Non creo. Ten razón.

—Pero podería ser que se confundise...

—Non, creo...

—Por favor! Escoita o que che digo! Podería ser, non?

—Podería... Poder pode ser todo.

—Ben, se cadra mañá aínda che vén a regra. Como che veña, vou e mándolle unha carta... —Sómese nos seus pensamentos, escribe unha carta.

Despois de Krümperweg vén a Hebbelstrasse. Van os dous camiñando, cavilando, nesta tarde de verán, por esta rúa de olmos fermosos.

—Entón vou e reclámolle os quince marcos —di Pinneberg de súpeto.

Lämmchen non responde; vai pisando con coidado, poucando todo o ancho do pé e mirando con moita atención por onde pisa. Todo é tan distinto agora...

—A onde imos? —pregunta el de súpeto.

*E agora que, homiño?*

—Teño que ir á casa. Non lle dixen á miña nai que estaría fóra.

—E aínda por riba iso!

—Non te me enfades, rapaz... pero hei facer por baixar ás oito e media. Que tren colles?

—O das nove e media.

—Entón acompañote á estación.

—E máis nada. Non, outra vez, máis nada. Vaia vida...

A Lütjenstrasse é unha auténtica rúa de barrio obreiro, sempre chea de cativada a brincar; non é posible despedirse como correspondería.

—Non o tomes tan a mal, rapaz —dille ela, e dálle a man—. Hei amañarme.

—Si, si —di el tentando sorrir—. Es a mellor, Lämmchen, se non fose por ti...

—Ás oito e media estou abaixo. Seguro.

—E agora nin un bico?

—De verdade, non pode ser, poríanse ao momento a rexoubar. Hai que ser valente!

—De acordo entón, Lämmchen. E tampouco o tomes ti tan a mal. Ha acabar indo.

—Claro que si. Non vou perder o ánimo. Até despois!

Sobe rapidamente as escaleiras escuras. O bolso vaille pechando contra o pasamáns: clap, clap, clap. Pinneberg queda mirando para esas pernas branquiñas. Mil e unha veces lle ten desaparecido Lämmchen por ese demo de escaleira arriba.

—Lämmchen! —berra—. Lämmchen!

—Que? —pregunta ela desde arriba, asomándose por riba do pasamáns.

—Agarda un intre —bérralle el. Sobe a escaleira atropeladamente, fica de pé sen alento fronte a ela, cóllea polos ombreiros.

—Lämmchen! —di el arfando entre a emoción e a falta de aire—. Emma Mörschel! Que che parece se casamos?

### MAMÁ MÖRSCHEL, O SEÑOR MÖRSCHEL E KARL MÖRSCHEL: PINNEBERG ENTRA NA MÖRSCHELADA

Lämmchen Mörschel non di nada. Sóltase de Pinneberg e senta amodo nun chanzo. De súpeto, xa non se lle ven as pernas. Agora está aí sentada e mira para arriba, para o seu rapaz.

—Deus, rapaz, faríalo?

Acéndenselle os ollos. Tíñaos de cor azul escura, cun ton verdoso, e agora desbordan luz, «coma se todas as árbores de Nadal da súa vida estivesen de súpeto a brillar nela», pensa Pinneberg, totalmente desconcertado da emoción que sente.

—Ben, todo claro, Lämmchen. Fagámolo. O antes posible, paréceche?

—Rapaz, pero de verdade que non precisas facelo. Tamén me hei apañar así ben. Aínda que tamén tes razón, para o pequecho é mellor ter un pai.

—O pequecho... —di Johannes Pinneberg—. É certo, o pequecho.

Silencio por un intre. Internamente, sopesa se debería dicirlle a Lämmchen que, en realidade, ao facerlle a proposta de

*E agora que, homiño?*

matrimonio, non pensara en absoluto nese pequecho, só no feito de que non era xusto que nesta tarde de verán tivese que esperar tres horas na rúa pola súa moza. Pero non o di. En vez diso, pídelle que se erga:

—Lämmchen, seguro que a escaleira está moi sucia. Como se che vai poñer esa saia branca tan bonita...

—Deixa estar a saia. Tanto ten! Que máis nos dan as saias todas do mundo. Son feliz! Hannes! Rapaz!

E agora volve estar de pé e abrazábao con ímpeto. E o edificio pórtase ben: das vinte vivendas en alugueiro que teñen acceso por esta escaleira, non aparece nin unha alma, e iso que son as cinco da tarde, momento en que os sustentos da familia retornan á casa e en que todas as amas de casa aínda saen buscar rapidamente un ingrediente esquecido para facer a comida. Non vén ninguén. Até que Pinneberg se libera e di:

—Mais isto tamén o podemos facer seguro arriba... xa como prometidos. Subamos.

Lämmchen pregunta con reservas:

—Seguro que queres subir xa? Non será mellor que prepare antes a papá e a mamá? É que non saben absolutamente nada de ti.

—Canto antes se fagan as cousas, mellor —declara Pinneberg, que aínda non quere ir para a rúa—. Ademais, seguro que se alegran, non cres?

—Non sei... —di Lämmchen, pensativa—. Mamá moito. Papá, xa imaxinas, non llo podes tomar a peito. Sempre está de brincadeira, pero non o fai por mal.

—Heino entender ben —di Pinneberg.

Lämmchen abre a porta: un recibidor pequeno. Desde detrás dunha porta entornada séntese unha voz:

—Emma! Ven inmediatamente!

—Un intre, mamá! —berra Emma Mörschel—. Vou sacar os zapatos.

Colle a Pinneberg da man e lévao na punta dos pés a un cuarto pequeno con dúas camas que dá a un patio.

—Deixa aquí as túas cousas. Si, esta é a miña cama, é onde durmo. Na outra cama dorme mamá. Papá e Karl dormen aló, no outro cuarto. E agora ven. Espera, que vas todo espeluxado.

Lämmchen pásalle rapidamente un peite.

Ambos teñen o corazón que lles sae do peito. Ela cólleo da man, cruzan o recibidor e van cara á porta da cocina. Ao pé do lume está unha muller eslombada fritindo algo nunha tixola. Pinneberg ve un vestido marrón e un mantelo azul grande. A muller non ergue a vista.

—Vai rápido ao soto, Emma, e sube carbón. Se non llo levo dito a Karl cen veces...

—Mamá —di Emma—, este é o meu mozo Johannes Pinneberg, de Ducherow. Imos casar.

A muller do fogón ergue a vista. Unha cara morena cunha boca agresiva, una boca perigosa e afiada, unha cara de ollos moi claros e mirada aguda, con millóns de engurras. Unha muller maior de clase obreira.

A muller esculca a Pinneberg, un intre, con rudeza. Despois volve á súa tixola de patacas:

—Que parvos. Agora vas e vésume con homes á casa? Bule e tráeme carbón, que quedo sen brasa.



*E agora que, homiño?*

—Mamá —di Lämmchen tentando rir—, o de que quere casar comigo vai en serio.

—Díxenche que foses buscar carbón, rapaza —bérralle a muller sen deixar de remexer co garfo.

—Mamá...

A muller ergue a vista e di amodo:

—Pero aínda estás aquí? Queres levar?

Rapidamente, Lämmchen apértalle a man ao seu Pinneberg. Despois, colle un cesto e di coa maior alegría da que é capaz:

—Non tardo.

E a porta do corredor péchase.

Pinneberg queda como abandonado na cociña. Olla con cautela cara á señora Mörschel, con medo de provocala só con ollala; despois, cara á ventá. Fóra só se ve un ceo azul de verán e un par de chemineas.

A señora Mörschel aparta a tixola e levanta os aros da cociña, facendo moito barullo. Mete o atizador na brasa e fala soa. Pinneberg pregúntalle con cortesía:

—Como dixo?

Son as súas primeiras palabras na casa da familia Mörschel, mais mellor faría en quedar calado, pois, ao momento, a muller bótase a el coma un voitre. Nunha man, o atizador; na outra, o garfo de darlles a volta ás patacas. Porén, isto non é o peor, por moito que os branda no aire: o peor é a súa cara, na que tremen e saltan todas as engurras, e aínda peor son os seus ollos crueis e irados.

—Non se lle ocorra deshonrar a miña filla! —bérralle fóra de si.

Pinneberg recúa un chisco:

—De verdade que quero casar con Emma, señora Mörschel —dille con medo.

—Pensa que non sei que pasa aquí? —di a señora, imperturbable—. Hai xa dúas semanas que estou aquí e que espero. Penso que me vai dicir algo, penso que non ha tardar en traerme o tipo, sento aquí e espero. —Colle aire—. É boa rapaza. Vostede, vostede non a merece, non merece a miña Emma. Sempre alegre, nunca me deu unha mala fala... e vostede pretende deshonrala?

—Non, non —bisba Pinneberg con medo.

—Abofé que si! Abofé! —berra a señora Mörschel—. Abofé! Abofé! Hai dúas semanas que ando a esperar que me traia as compresas para lavar... e nada! Como se atreveu a facelo, vostede, dígame?

Pinneberg non sabe que contestarlle:

—Somos xente nova —responde suavemente.

—Ah —di ela, aínda anoxada—, que conseguise vostede que a miña nena o fixese! —De súpeto volve berrar encolerizada—: Uns porcos, os homes sodes todos uns porcos. Que noxo!

—Casamos tan pronto como os papeis estean listos —explica Pinneberg.

A señora Mörschel volve para onda o lume. A graxa da tixola trisca e ela pregunta:

—E a que se dedica, entón? Pode permitirse casar?

*E agora que, homiño?*

—Son contable. Nun negocio de compravenda de cereal.

—Oficinista entón? Administrativo?

—Si.

—Preferiría un obreiro para a miña filla... Canto gaña?

—Cento oitenta marcos.

—Coas retencións?

—Non, de aí aínda hai que restalas.

—Está ben, non é gran cousa. Quero que a miña nena siga levando unha vida sinxela. —E, sen máis, engade, novamente anoxada—: Non pense que vai levar dote. Somos obreiros. Entre nós non se leva iso. Só a roupiña que ela mesma mercou cos seus cartos.

—Non é necesario nada diso —di Pinneberg.

E, de súpeto, a muller, outra vez toda anoxada:

—Pero se vostede tampouco ten nada! Non ten pinta de aforrar. A quen anda por aí cun traxe coma ese non lle queda moito.

Pinneberg non precisa confirmarlle que deu no albo, pois xa entra Lämmchen co carbón. Está de moi bo humor:

—Comeute vivo, raparigo? —pregunta—. Ás veces ponse que bota por fóra.

—Coida a boquiña, nena, ou levas —di a vella—. Anda, ide para o cuarto e axeitádevos para a cea. Quero falar primeiro co teu pai a soas.

—Está ben —di Lämmchen—. Preguntácheslle xa ao meu prometido se lle gustan as tortas de patacas? Hoxe é o día do noso compromiso.

—Veña, andando —di a señora Mörschel—, e que non se vos ocorra pechar a porta. Hei ir guichar de cando en vez para comprobar que non facedes ningunha parvada.

Sentan á mesiña nas cadeiras brancas, un fronte ao outro.

—Miña nai é unha muller sinxela, unha obreira. É algo brutiña, pero non o fai por mal.

—Fai, fai —di Pinneberg sorrindo—. Túa nai sábeo, entendes? Sabe o que nos dixo hoxe o doutor.

—Claro que o sabe. Miña nai sábeo sempre todo. Penso que lle caíches ben.

—Vaites, quen o diría...

—Miña nai é así. Ten que andar botando pestes seguido. Eu xa nin atendo.

Fican calados durante un intre, os dous sentados educadamente o un fronte ao outro, coas mans sobre a mesiña.

—E tamén temos que mercar os aneis —di Pinneberg, pensativo.

—Ai, é certo —di Lämmchen rápido—. Dime, sen pensar, como che gustan máis: brillantes ou en mate?

—En mate!

—A min tamén! A min tamén! —exclama ela—. Penso que temos o mesmo gusto en todo, iso está ben... Canto custarán?

—Non sei... Trinta marcos?

—Tanto?

—Collémolos de ouro?

*E agora que, homiño?*

—Por suposto que os collemos de ouro. Déixame ver, imos coller as medidas.

Achégase a ela. Collen un fío dunha bobina. É difícil. Ás veces o fío corta e outras queda demasiado frouxo.

—Dise que observar as mans doutra persoa acaba en liorta.

—Pero se non as observo. O que fago é bicalas. Bicoche as mans, Lämmchen.

Alguén peta forte na porta cos cotenos.

—Veña, papá está aquí.

—Imos! —di Lämmchen soltándose do brazo de Johannes—. Veña, rápido, axeitémonos. Meu pai sempre anda de chufa.

—Como é entón teu pai?

—Deus, halo ver agora. Pero dá igual. É comigo con quen casas, comigo, comigo, non con meus pais.

—Pero si co pequecho.

—Co pequecho, si. Vaia auténticos insensatos que lle tocan por pais, que nin capaces son de estar sentados quédos quince minutos...

Á mesa está sentado un home alto, vestido con pantalón gris, chaleco gris e unha camisa de punto branca, sen chaqueta, sen colo. Nos pés leva unhas pantuflas. Cara amarela e engurrada, ollos pequenos e penetrantes tras uns quevedos, un mostacho gris, un beche case branco. O home está a ler o *Volksstimme*, pero, ao entraren Pinneberg e Emma, baixa o xornal e observa o mozo.

—Así que vostede é o homiño que quere casar coa miña filla? Encantado. Tome asento. Por certo, se cadra aínda o pensa un pouco mellor.

—Como? —pregunta Pinneberg.

Lämmchen tamén puxo un mantelo e axuda a nai. A señora Mörschel di enfadada:

—Onde demo se metería ese gandaio? Van quedar as tortas todas tesas.

—Horas extra —di o señor Mörschel, lacónico, e chiscándolle o ollo a Pinneberg—. Vostede tamén fai ás veces horas extra, verdade?

—Si —di Pinneberg—. Bastante a miúdo.

—Pero non llas pagan?

—Lamentablemente, non. O xefe di...

Ao señor Mörschel non lle interesa o que di o xefe:

—Ve?, por iso preferiría para a miña filla un obreiro: cando o meu Karl fai horas extra, páganllas.

—O señor Kleinholz di... —comeza Pinneberg de novo.

—O que din os patróns, rapaz, xa o sabemos de hai tempo —explica o señor Mörschel—. Iso non nos interesa. O que de verdade nos interesa é o que fan. Tendes convenio colectivo, non?

—Creo que si.

—Iso de crer é cousa da relixión, e un traballador non ten nada que ver con iso. Seguro que o hai. E seguro que pon que hai que pagar as horas extra. Por que demo me tocaría a min un xenro ao que non llas pagan? —Pinneberg encolle os ombreiros—.

*E agora que, homiño?*

Porque os oficinistas non estades organizados. —O señor Mörschel explícalle o caso—: Porque entre vós non hai cohesión, non hai solidariedade. Por iso fan con vós o que lles peta.

—Eu estou organizado —di Pinneberg de mala gana—. Estou nun sindicato.

—Emma! Mamá! O noso homiño di que está nun sindicato? Quen o diría! —O grande Mörschel xira totalmente a cabeza para un lado e observa o seu futuro xenro cos ollos apertados—. E como se chama o seu sindicato, rapaz? Veña, sólteo.

—Sindicato Alemán de Oficinistas —di Pinneberg, que se vai enfadando cada vez máis.

O home alto reméxese no asento; até ese punto lle afecta:

—Ese sindicato! Mamá, Emma, termade de min, o noso rapazolo resulta ser un miñaxoia, e atrévese a chamarlle a iso sindicato. Unha asociación liberal, que non sabe nin se vai nin se vén. Ai, rapazas, a quen se lle conte...

—Desculpe! —di Pinneberg, anoxado—. Non somos unha asociación liberal. Non nos financian os empresarios. Nós mesmos pagamos a nosa cota federal.

—Para os caciques. Para os caciques liberais. Ben feito, Emma, vaia home fuches buscar. Un do sindicato de oficinistas! Un auténtico miñaxoia.

Pinneberg mira para Lämmchen buscando axuda, pero Lämmchen non mira para eles. Se cadra está acostumada, pero, por moi acostumada que ela estea, para el isto si que é desagradable.

—Contables, oficinistas, non sei que me dá con só oílo —di Mörschel—. Pensades que sodes mellores ca nós, os obreiros.

—Non penso tal, señor.

—Abofé que o pensades. E por que o pensades? Porque non lle perdoades ao voso patrón unha semana do soldo, senón todo un mes. Porque facedes horas extra sen cobralas, porque deixades que vos paguen por debaixo do convenio, porque nunca facedes folga, porque sempre sodes os crebafolgas...

—Non todo é cuestión de diñeiro —di Pinneberg—. Pensamos de maneira distinta á maioría dos traballadores, temos outras necesidades...

—Pensar de maneira distinta —di Mörschel—, pensar de maneira distinta... Vós pensades igualiño ca o proletariado...

—Non creo. Eu, por exemplo...

—Vostede, por exemplo —di Mörschel pechando os ollos con maldade e mofa—. Vostede, por exemplo, xa pediu un adianto, non si?

—Como di? Un adianto? —pregunta Pinneberg, confundido.

—Si, si, un adianto. —E sorri aínda máis—. Un adianto aquí coa rapaza, coa Emma. Iso non lle está ben, señoríño meu. Costume proletario onde os haxa...

—Eu... —comeza Pinneberg, e ponse vermello e éntranlle ganas de bater nas portas e berrar: «Mala chispa vos fenda a todos...».

Porén, a señora Mörschel di, cortante:

—Déixate xa de chufas, papá! A cousa está arranxada. A ti nin che vai nin che vén.

—Velaí está o Karl —berra Lämmchen ao oír bater fóra unha porta.



*E agora que, homiño?*

—Veña, daquela a poñer a comida, muller —di Mörschel—. E eu si que lle teño razón, xenro; pregúntelle se non ao seu párroco. Non lle está nada ben o que vostede fixo...

Entra un mozo, aínda que mozo é só unha designación da idade: parece de todo menos novo, aínda máis amarelo, aínda máis amargo ca o vello. Rosma un «Boas», ignora por completo o convidado e saca a chaqueta e o chaleco, despois a camisa. Pinneberg obsérvao con crecente estupefacción.

—Horas extra, rapaz? —pregunta o vello.

Karl Mörschel só rosma algo.

—Xa está ben de tanto rosmar, Karl —di a señora Mörschel—. Ven comer.

Pero Karl xa está a deixar correr a auga na pía e comeza a lavarse ben a fondo. Está espido até as cadeiras; a Pinneberg dálle algo de vergoña, vergoña allea, por Lämmchen, pero a esta parece non afectarlle, para ela é natural. Porén, para Pinneberg, pouco disto é natural. Eses pratos de gres horribles e esportelados, cos bordos todos sucios, as tortas de pataca medio frías que saben a cebola, o cogombro agridoce, a botella de cervexa tépeda, que está para que só se poidan servir os homes, por non falar da cociña desoladora, do Karl a lavarse...

Karl senta á mesa e di fungando:

—Vaia, cervexa...

—Este é o prometido de Emma —explica a señora Mörschel—. Queren casar pronto.

—Así que finalmente conseguiu un —di Karl—. Si, si, un burgués lambido. Un obreiro non lle valía, non lle era fino abondo.

—Ves? —di papá Mörschel con satisfacción.

—Anda, cala, e antes de abrires o peteiro, vai sendo mellor que pagues a manutención que che toca da casa—comenta mamá Mörschel.

—A que vén iso de «ves?»? —dille Karl con sarcasmo ao pai—. Prefiro mil veces un auténtico burgués relambido a un socialfascista dos teus.

—Socialfascistas! —responde, enfadado, o vello—. A quen lle chamas aquí fascista, ti, correlixionario dos soviets?

—Si, si, vós, os heroes de acoirazado...

Pinneberg escóitao con certa satisfacción. O que lle dixo o vello antes estalle a vir agora de volta con xuros. Con todo, o único que non mellorou foron as tortas de pataca. Non foi unha comida agradable; imaxinara a súa cerimonia de compromiso doutro xeito.

## LERIA NOCTURNA SOBRE O AMOR E O DIÑEIRO

Pinneberg deixou pasar o tren; pode coller ao día seguinte o das catro e aínda chegará a tempo ao traballo. Están os dous sentados na cociña, ás escuras. Dentro, nun dos cuartos, dorme o señor Mörschel; no outro, a señora Mörschel. Karl foi a unha asemblea do partido comunista. Xuntaron dúas cadeiras e están sentados co lombo contra a cociña xa fría. A porta que dá ao pequeno balcón está aberta e o vento move suavemente a cortina. Fóra, por riba dun patio quente e cheo do barullo das radios, está o ceo nocturno, escuro, con estrelas moi pálidas.

—Gustaríame que a nosa casa fose un pouco bonita —di Pinneberg baixiño, apertándolle a man a Lämmchen—. Sa-

*E agora que, homiño?*

bes... —tenta describila—, tería que haber moita luz e teríamos cortinas brancas e todo estaría sempre coma unha patena.

—Xa entendo —di Lämmchen—, xa entendo. Para ti, que non estás acostumado, a nosa casa ten que serche horrible.

—Non quería dicir iso, Lämmchen.

—Claro que si. E por que non? Por que non o habías dicir se é o que é, horrible? Que Karl e papá sempre estean a pelexar é horrible. Que papá e mamá sempre anden a discutir, iso tamén é horrible. E que tenten enganar a mamá cos cartos da manutención, e que mamá sempre engane coa comida... Todo iso é horrible.

—Pero por que son así? Na vosa casa entran tres soldos. Tería que irvos ben.

Lämmchen, en lugar de responder, di:

—Eu non encaixo de todo aquí. Sempre fun a cinsenta. Cando papá e Karl chegan á casa, remataron a xornada, pero a min aínda me toca poñerme a limpar, pasar o ferro, coser, zurcir calcetíns... Bah, non é iso! —exclama—. Non me importaría fácelo, pero que todo iso se dea tan por sentado e que aínda por riba non anden a outra cousa máis ca a empurróns comigo, que nunca haxa unha palabra amable e que Karl faga coma se me estivese a dar de comer porque paga máis manutención ca min... Eu non gaño tanto... Que pode gañar hoxe en día unha dependenta?

—Axiña ha acabar todo —di Pinneberg.

—Si, moi axiña. Ben, non é iso, non é só iso —berra, desesperada—. Pero, sabes, rapaz?, sempre me desprezaron de verdade, dinme: «ti, parva». Que non son a máis lista está cla-

ro; hai moitas cousas que me escapan. E, aínda por riba, non son guapa...

—Pero se es guapa!

—Es o primeiro que o di. Cando ás veces imos ao baile, sempre quedo sentada. E cando mamá lle di a Karl que mande os seus amigos, el sempre di: «Quen vai querer bailar con esa cabuxa?». De verdade, es o primeiro...

A Pinneberg embárgao unha sensación rara. «De verdade», pensa, «non me debería contar iso. A min sempre me pareceu guapa e agora resulta que pode que non sexa tan guapa...»

Pero Lämmchen segue falando:

—Ves, rapaz?, non che quero estar aquí a contar penas. Só cho vou dicir unha vez, unha única vez, para que o saibas, que eu non pertenzo a este lugar, que eu só che pertenzo a ti. Só a ti. E que che estou tremendamente agradecida, non só polo do pequecho, senón tamén por vires rescatar esta cinsenta...

—Ti... — di el—. Escoita!

—Non, espera... E cando dis que queres que teñamos unha casa limpa e con moita luz, pois aí has ter que ter un pouco de paciencia, que eu nunca aprendín realmente a cociñar. E se o fago algo mal, daquela debes dicirmo, e eu nunca che vou mentir...

—Non, Lämmchen, non, está ben.

—E nunca, nunca imos discutir. Ai, deus, rapaz, que felices imos ser, os dous sós. E despois co terceiro, co pequecho.

—E se é unha nena?

—É un pequecho, faime caso, un pequechiño doce.

*E agora que, homiño?*

Pasado un intre, pónense en pé e saen ao balcón. Si, velaí está, por riba dos tellados, o ceo coas súas estrelas. Fican un intre en silencio, cada un coa man no ombreiro do outro. Despois volven a esta terra, ao patio estreito, aos múltiples cadrados iluminados das ventás, ao boureo da música das radios.

—Tamén imos ter radio? —pregunta el de súpeto.

—Si, por suposto. Sabes?, así non me sentirei tan soíña e abandonada cando estas no traballo. Pero imos esperar, con todo o que temos que mercar aínda!

—Si.

Silencio.

—Rapaz —Lämmchen comeza a falar suavemente—, teño que preguntarche algo.

—Si? —di el, inseguro.

—Pero non te enfades!

—Non —responde.

—Tes algo aforrado?

Pausa.

—Un pouco —di el con certo receo—. E ti?

—Tamén un pouco. —E engade rapidamente—: Pero moi moi pouco.

—Di ti.

—Non, ti primeiro.

El comeza:

—Eu... —E para.

—Veña, di! —pídelle ela.

—De verdade que é moi pouco; se cadra aínda é moito menos ca ti.

—Non creo.

—Claro que si, seguro.

Pausa. Pausa longa.

—Pregúntame —pídelle el.

—A ver... —di ela, e inspira fondo—. É máis de...? —Fai unha pausa.

—Máis de que?

—Ai, veña! —Sorrí de súpeto—. De que me avergoño? Teño cento trinta marcos na caixa.

El di, orgulloso e lentamente:

—Catrocentos setenta.

—Fantástico! Xuntando todo son seiscentos marcos. Rapaz, iso é unha chea de diñeiro.

—Ben... A min moito non me parece. Pero un home solteiro gasta moito.

—E eu dos meus cento vinte marcos de salario tiña que dar setenta marcos para comida e aloxamento.

—Tárdase moito en chegar a aforrar tanto —di el.

—Moitísimo —di ela—. Parece que non se avanza.

Pausa.

—Non creo que consigamos rapidamente unha casa en Ducherow.

*E agora que, homiño?*

—Daquela teremos que coller un cuarto amoblado.

—Así tamén podemos aforrar máis para os nosos propios mobles.

—Pero penso que amoblado é carísimo.

—Veña, imos botar contas —propón el.

—Si, imos ver até onde nos dá. Botémolas coma se non tivéssemos nada aforrado.

—Si, iso mellor non tocalo; ten que aumentar. Ben, cento oitenta marcos de soldo...

—Como home casado cobrarás máis.

—Ben, sabes?, non creo... Quizais segundo o convenio colectivo, pero o meu xefe é un pouco raro...

—Non me pararía a pensar se é raro ou non.

—Lämmchen, imos partir primeiro dos cento oitenta. Se ao final é máis, perfecto, pero, en principio, eses témolos seguros.

—De acordo, logo. Primeiro as retencións.

—Si. Aí non hai moito que facer: seis marcos de impostos e dous con setenta do seguro de desemprego. E catro marcos da seguridade social. E cinco con corenta do seguro de enfermidade, e catro con cincuenta do sindicato...

—Iso do teu sindicato é superfluo...

Pinneberg dille, algo impaciente:

—Mellor deixémolo estar por agora. Xa me chegou con teu pai.

—Vale. Todo iso fai vinte e dous marcos con sesenta de retencións. Non precisas cartos para o transporte?

—Por sorte, non.

—Ben, daquela quedan cento cincuenta e sete marcos. Canto é o alugueiro?

—Xa..., non o sei. Un cuarto con cociña, amoblado. Corenta marcos mínimo.

—Poñamos corenta e cinco —di Lämmchen—. Quedan logo cento doce con corenta. Canto pensas que precisamos para a comida?

—Non sei, di ti.

—Mamá di sempre que ela precisa un marco e medio ao día.

—Iso fai noventa marcos ao mes.

—E daquela aínda quedan vinte e dous con corenta.

Miran o un para o outro. Lämmchen bole a dicir:

—E aínda non contamos con nada para a calefacción. Nin para o gas. Nin para a luz. Nin para correos. Nin para roupa. Nin para mudas. Nin calzado. E algo de vaixela habemos ter que mercar algunha vez.

E el di:

—E algunha vez quereremos ir ao cine. E facer unha excursión un domingo. E a min préstame fumar.

—E algo tamén queremos ir aforrando.

—Mínimo vinte marcos ao mes.

—Trinta.

—Imos volver botar as contas.

—Nas retencións non se pode cambiar nada, e máis barato non habemos conseguir o cuarto con cociña.



*E agora que, homiño?*

—Se cadra cinco marcos máis barato.

—Ben, habemos ver, e ás veces tamén apetece ler un xornal.

—Si, claro. Entón só podemos aforrar na comida. Vexamos, quizais dez marcos.

Volven mirar o un para o outro.

—E aínda así non chegamos. E xa nin falemos de aforrar.

—Oes... —dille ela, preocupada—, tes que levar sempre a roupa co ferro pasado? Eu iso non o sei facer.

—Si, si, esíxeo o xefe. Pasarlle o ferro a unha camisa custa sesenta peniques e ao colo, dez.

—Iso fai cinco marcos máis ao mes —calcula ela.

—E poñerlles solas aos zapatos.

—Tamén iso, si. E iso tamén é carísimo.

Pausa.

—Ben, volvamos botar contas.

E despois dun intre:

—Saquemos entón outros dez marcos da comida, pero por menos de setenta non o consigo.

—Como fan os demais?

—Buf, non sei. E aínda hai unha chea de xente que ten moito menos.

—Non o entendo.

—Algo debemos calcular mal. Botémolas outra vez.

E botan as contas e vólvenas botar, pero o resultado non muda. Miran o un para o outro.

—Sabes? —di Lämmchen—. Se caso podo pedir que me devolvan os cartos da seguridade social.

—Ah, iso está ben. Serán de certo cento vinte marcos. E teus pais? Darannos algo?

—Pode que algo de roupa de cama, pero a verdade é que non quero...

—Non, claro, tes razón —responde el arrepentido.

—E túa nai? —pregunta ela—. Nunca me falaches dela.

—Non hai moito que falar —di el brevemente—. Nunca lle escribo.

—Vaia. Entón nada.

De novo, silencio.

Non avanzan, así que se poñen de pé e saen ao balcón. No patio xa está case todo escuro; a cidade tamén está en silencio. Ao lonxe óese a bucina dun coche. El di, perdido nos seus pensamentos:

—Cortar o pelo tamén custa oitenta peniques.

—Déixao —pídelle ela—. Se os demais poden, habemos poder nós tamén. Hanos ir ben.

—Escoita, Lämmchen. Eu tampouco che quero dar cartos para a casa. A comezos de mes poñemos todos os cartos nun bote e cada un colle de aí o que precisa.

—Si. Teño un bote bonito para iso, de porcelana azul. Voucho ensinar... E despois tamén queremos ser moi aforradores. Ao mellor aínda aprendo a pasarlles o ferro ás camisas.

—O dos cigarros a cinco peniques é un tolemia. Tamén os hai decentes a tres.

*E agora que, homiño?*

Ela pega un berro:

—Deus, rapaz, esquecemos por completo o pequecho. Tamén custa o seu!

El pensa:

—Canto custará logo un pequechiño? E despois hai o subsidio por nacemento e lactación, e tamén se pagan menos impostos... Penso, de feito, que os primeiros anos non custa nada.

—Non che sei —di ela dubidando.

Na porta aparécelles unha figura branca.

—E logo non ides para a cama? —pregunta a señora Mörschel—. Aínda podedes durmir tres horas.

—Si, mamá —di Lämmchen.

—Xa tanto ten —di a vella—. Hoxe durmo con papá. Esta noite Karl tamén a pasa fóra. Lévaos contigo, o teu...

A porta péchase renxendo; queda sen dicir o teu que...

—Pero a verdade é que non me apetece—di Pinneberg algo ofendido—. Realmente non é moi agradable, aquí con teus pais...

—Ai, rapaz —ela ri—. Creo que Karl ten razón, es un burguesiño...

—Nin isto! —protesta—. Se a teus pais non lles molesta... —dubida de novo—. E se o doutor Sesam errou?

—Sentemos logo de novo na cociña —propón ela—. Xa me doe todo.

—Veña, Lämmchen —di el, arrepentido.

—Si, se non queres...

Hans Fallada


—Son unha ovella, Lämmchen! Son unha ovella.

—Está ben —di ela—. Entón encaixamos ben.\*

—Non habemos tardar en velo.

---

\* N. da T.: O alcume de Emma, Lämmchen, quere dicir en alemán «cordeiriña».



ESTE LIBRO ENTROU NO PRELO O 15 DE  
SETEMBRO DE 2020, NOS DERRADEIROS  
DÍAS DO PRIMEIRO VERÁN DA COVID-19

